

A CORUÑA EN FEMININO

Levades o encargo de sacaros unha fotografía persoal ou en grupo nos seguintes lugares da Coruña, todos eles vencellados dalgún xeito con mulleres sobranceiras da cidade. Asegúrate que na foto aparezan elementos abondo para identificar o lugar. Responde en grupo as preguntas relacionadas con cada lugar.

FOTO 1: Na rúa Juana de Vega




A que debe o nome de Duquesa da caridade, como era coñecida nalgúns ambientes? Con que outra galega defendeu os dereitos dos presos e das presas?

Que ideas políticas defendeu? Que significaban esas ideas na súa época?

Cal é o título que Zenit Television escolleu para lle poñer á película que narra parte da vida desta coruñesa? Con que outras protagonistas da nosa historia comparte o recoñecemento que supón facer unha película sobre as súas vidas?

FOTO 2 : - Na rúa Panaderas número 12, onde está o museo Casares Quiroga e na que naceu a súa filla Maria Casares.



Que son os premios Maria Casares?


Por que se homenaxea a esta muller poñéndolle o seu nome a estes premios?

Quen foi o seu pai e como afectou á vida de Maria?

Como se explica que esta muller, unha icona absoluta en Francia, sexa case unha descoñecida no seu país?

Con que célebre pintor galego xogaba María Casares na rúa Panadera cando era pequena?

FOTO 3: Riego de Agua, 38, onde naceron as Irmandades da Fala



Que papel xogaron as mulleres nas Irmandades da Fala desde o seu comezo?

Quen foron Maria Miramontes e Elvira Bao?

FOTO 4: Na rúa Tabernas 11, na casa de Emilia Pardo Bazán e sede da RAG



Cal son as obras máis coñecidas desta escritora?

Que papel tivo Emilia Pardo Bazán na introdución do pensamento feminista no noso país?

Que traballos e cargos acadou na súa vida, sendo a primeira muller en facelo?

A Real Academia Española nunca aceptou a Emilia Pardo Bazán como membro, a pesares da súa valiosa obra, por ser muller. En que ano entrou a primeira muller na RAE e que porcentaxe hai na actualidade?

Atopa a mesma información relacionada coa RAG.

FOTO 5 : Na praza de María Pita



María Pita é sen dúbida a muller máis representativa da Coruña. A que debe a súa sona? Por que sorprende o papel que desenvolveu tratándose dunha muller?

FOTO 6: Na antiga Praza da Fariña, actual Praza de Azcárraga



Antigamente esta praza, hoxe tan tranquila, era centro comercial e vital da cidade da Coruña. Na foto podemos observar mulleres recollendo auga na fonte.

Que outros labores realizaban as mulleres labregas e obreiras na cidade?

FOTO 7: Na rúa Príncipe, na casa de Rosalía de Castro e Manuel Murguía



Rosalía de Castro non precisa presentación. Porén, poderías explicar o seu papel na denuncia da situación das mulleres na súa época? Busca algúns poemas que amosen a súa faceta máis reivindicativa neste sentido.

FOTO 8: Na praza das Bárbaras, no casco vello.



O convento das Bárbaras abriu nesta praza no século XXII. Infórmate na páxina 131 do libro “La mujer en la edad media” de Margaret Wade Labarge sobre o papel social das mulleres relixiosas nesta época. Quen eran “as beguinas” e por que se lles coñece coma as mulleres máis libres da idade media?

Coidas que a historia destas mulleres e as súas achegas á sociedade do seu tempo é ben coñecida ou debería difundirse mellor?